

COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ECONOMÍA

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **17 de outubro de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Francisco José Fraga Civeira	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 17 de outubro de 2018 , ás 17.30 horas, baixo a presidencia de don Francisco José Fraga Civeira, e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes acordos:
DEPUTADOS/AS:	
D. Rosendo Luís Fernández Fernández	
D. Jorge Pumar Tesouro	
D. Plácido Álvarez Dobaño	
D. ^a M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas	
D. ^a Consuelo Vispo Seara	
D. José Antonio Feijóo Alonso	
D. ^a Isabel Gil Álvarez	
D. Vicente Gómez García	
D. Armando Ojea Bouzo	
D. Ramiro Rodríguez Suárez	
SECRETARIO:	
D. Francisco Cacharro Gosende	
INTERVENTOR ACCTAL:	
D. José Mosquera Casero	

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 19 DE SETEMBRO DE 2018

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de setembro de 2018, non se formulan observacións, quedando aprobada por unanimidade.

2º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Trala declaración previa da súa urxencia por unanimidade, tratouse o seguinte asunto:

2º.A.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO E DAS BASES DE EXECUCIÓN N.º 5/2018.-

O Sr. interventor accidental expón brevemente o contido do expediente.

D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista, di que entende que o beneficiario da subvención nominativa á que se refire o expediente é AFUNDACIÓN e pregunta se hai algún convenio ao respecto.

O **secretario** explica que o que hai é un protocolo de colaboración.

D.ª Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista, pregunta se se trata entón dun protocolo ou dun convenio, ou cal é a forma na que se concederá esta subvención.

O **secretario** explica que se trata dun protocolo que, a diferenza do convenio, non xera obrigacións xurídicas, tratándose dunha previa declaración de intencións e que a sinatura do protocolo e non do convenio, responde ao feito de que no momento que se subscribiu non existía a previsión dunha subvención no orzamento (co que non pode adquirirse unha obrigación ao respecto e polo tanto non podía asinarse un convenio. O que agora se pretende é que o pleno habilite a concesión desa subvención nominativa prevista no protocolo como unha declaración de intencións, e posteriormente, unha vez entre en vigor a modificación orzamentaria, se tramitará a concesión da subvención, que poderá outorgarse mediante un acto unilateral da Deputación ou mediante un convenio.

D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista, pregunta se existen outras achegas a AFUNDACIÓN diferentes da Deputación, manifestando o Sr. interventor que descoñece este feito.

O **presidente da comisión** di que nos orzamentos para 2019 aparece unha partida destinada ao incremento do desenvolvemento empresarial e pregunta se será para a mesma finalidade que agora se inclúe neste expediente.

O **Sr. interventor** di que, en principio, esa partida está destinada á finalidade xenérica inicialmente prevista.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente a modificación de créditos do expediente por crédito extraordinario que se financia coa baixa de outra aplicación orzamentaria dentro da mesma área de gasto, co seguinte detalle,

CREDITO EXTRAORDINARIO

Aplicación orzamentaria que INCREMENTA o crédito	Expresión	IMPORTE €
433.00/789.00	“Outras transferencias apoio empresarial. Desenvolvemento empresarial	200.000,00 €

RECURSO UTILIZADO

Aplicación orzamentaria que se da DE BAIXA o seu crédito.	Expresión	IMPORTE
433.00/489.18	“Outras transferencias apoio empresarial. Desenvolvemento empresarial	200.000,00 €

2.- Aprobar a modificación das Bases de execución do orzamento, que afectan a Base 87 ^a, no que se refire a subvencións que teñen carácter nominativo, engadindo a seguinte ás que figuraban inicialmente:

Con cargo á aplicación orzamentaria 433.00/789.00 “ “Outras transferencias apoio empresarial.
Desenvolvemento empresarial ,

Beneficiario	Finalidade	Importe
Fundación Galicia Obra Social (AFUNDACION)	Inversións e gastos necesarios para a posta en funcionamento do Centro de innovación empresarial de Ourense e para o custe da xestión e mantemento do Centro.	200.000,00 €

Os recursos financeiros utilizados para esta modificación serán baixas doutras aplicacións orzamentarias e non afectan cuantitativamente ao Orzamento Xeral da Deputación. .

3.- De acordo co artigo 169 da Lei Reguladora das Facendas Locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no boletín oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás 17.40 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.